

Día Internacional dos Museos 2015

REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO



Premio Especial «I Concurso Olladas 2015 para escolares: A miña familia, antes e agora».
Autor: Edgar Peteira Iglesias, CEIP Veleiro Docampo, Castro de Rei (Lugo)

Museos para unha sociedade sostible

O planeta está esgotado, vive nun equilibrio precario entre a modernidade e a destrución. Chegou o tempo do cambio, a humanidade necesita volver a conectar coa natureza para un desenvolvemento sostible. Este ano o lema para o Día Internacional dos Museos é “*Museos para unha sociedade sostible*”. Porque neste contexto, os museos teñen o deber de converterse en medios facilitadores do cambio, teñen que ser referentes dun novo modelo social e económico, cimentado na solidariedade e no respecto polo medio ambiente, mediante o aproveitamento racional dos recursos dispoñibles. A responsabilidade social dos museos ten que poñelos na primeira liña, como difusores de boas prácticas e xeradores do cambio.

En Galiza temos a sorte de que esta data é inmediata á celebración do Día das Letras Galegas, un día ao ano no que tratamos de poñer en valor a nosa lingua, reivindicar a nosa identidade e fortalecer a nosa alma como pobo. Polo que, no caso da lingua, tamén sería indicado aplicar o concepto sostible, porque queremos unha lingua saudable, unha lingua viva, unha lingua de todos, como vehículo de progreso e modernidade.

Así pois, neste 2015 imos fusionar lingua e museos, arte e natureza.

FOTO_PALABRA

Nesta iniciativa imos incluír dúas variantes: “Un día / Unha palabra” e “Haikus pola lingua”

Un día / Unha palabra

Esta iniciativa está pensada para encher as nosas redes sociais (facebook e twitter) de palabras en galego, esas palabras que forman parte dun patrimonio esquecido, palabras ou expresións que falaban os nosos maiores e que por caeren en desuso están desaparecendo do noso vocabulario. E porque cremos que unha lingua viva é unha lingua que se fala, queremos que os nosos seguidores nas redes contribúan a enriquecer tanto o noso léxico como a nosa cultura, e publiquen “foto_palabras”, fotos dos obxectos ou de escenas que teñan relación coa palabra ou expresión que tratan de mostrar. Para estimular a participación dos nosos seguidores do facebook podemos establecer un sistema de nominacións, polo cal unha persoa elixe a outra para que publique a súa “foto_palabra”, e así sucesivamente, mencionando ou etiquetando o nome do museo da Rede no que quere participar.

Para publicar as foto_palabras no twitter, utilizarase o #conlingua. Cada un dos museos poñerá no twitter unha “foto_palabra” por día relacionada cos contidos das súas coleccións ou do entorno no que está integrado.

Haikus pola lingua

Nos haikus combínanse á perfección os conceptos de lingua, arte e natureza. Os haikus son pequenos poemas de orixe xaponés, que se compoñen de tres versos, de 5-7-5 sílabas, que acostuman a tratar da natureza, da realidade, do percibido polos sentidos. A miúdo inclúen un kigo, que é unha palabra ou expresión que fan referencia ó día, estación ou período do ano ó que se refire o poema. Os haikus teñen unha grande potencia espiritual, neles combínase a intuición, a harmonía, o equilibrio coa natureza, o sentimento, o vínculo. Algúns descríbenos como o impacto dun momento sentido con profundidade. Queremos capturar a forza da palabra e da natureza en imaxes. Neste caso, queremos convocar un concurso a través das redes, invitando a colexios e bibliotecas, para que acompañen fotografías da natureza, da nosa paisaxe, con haikus. Con todas as fotocomposicións crearemos unha exposición virtual nas nosas redes sociais como homenaxe á nosa lingua e ó mesmo tempo para lanzar unha mensaxe de concienciación para a preservación do medio ambiente. As fotocomposicións deberán

remitirse ó correo redemuseistica@gmail.com, poñendo como título da mensaxe **Haikus pola lingua**.

Neste caso, cada un dos museos procurará a participación de poetas e artistas para incluír as súas fotocomposicións (foto + haiku) nas súas redes sociais.

CULTURBAN; CULTURA URBANA SOSTIBLE

Día Internacional dos Museos 2015 / Día de intervencións de Cultura Urbana

Rede Museística Provincial de Lugo - CLUB EI!!

A Rede Museística Provincial de Lugo e o CLUB EI!! promoven o proxecto **CULTURBAN**, coa participación de mozos creadores, muralistas, grafiteros e creativos do CLUB EI!!

Coincidindo co Día Internacional dos Museos, os días 16, 17 e 18 de maio realizaranse unha serie de intervencións simultáneas en varios espazos cedidos pola Rede Museística Provincial de Lugo: Museo do Mar de San Cibrao, Museo Pazo de Tor e Museo Fortaleza San Paio de Narla.

CULTURBAN; CULTURA URBANA SOSTIBLE

O obxectivo principal do proxecto busca unha mirada cara á sostibilidade do patrimonio como piar do desenvolvemento cultural, por medio de propostas creativas e construtivas, preténdese cohesionar un soporte e contexto comunal con intervencións artísticas urbanas contemporáneas desenvolvidas por mozos, fomentando así a gran riqueza artística que alberga a arte urbana desenvolvida con obxectivos comúns e estratexias a favor dunha dimensión cultural sostible co medio.

Os museos e cultura como tema proposto e centro de actuación, reivindicando nas intervencións seleccionadas a nosa identidade cultura e patrimonio local, co fin de promover Lugo como cidade cultural e universitaria.

CULTURBAN preséntase coa intención de fomentar a arte socialmente responsable, vinculada á comunidade, a súa identidade e cultura, dignificando a arte urbana como expresión artística e ferramenta lúdica, respectando e enriquecendo a identidade e o patrimonio urbano comunal.

A Rede Museística en colaboración co CLUB EI!! con esta proposta busca promover e apoiar a arte urbana entre os mozos creadores, ofrecendo liñas de actuación responsables e sostibles para desenvolver expresións e ideas artísticas no ámbito urbano de forma harmónica. A Rede Museística Provincial de Lugo facilitará aos participantes as necesidades técnicas, permisos e materiais para o desenvolvemento de cada intervención, cedéndolles 3 espazos dispoñibles nos centros onde se desenvolverán as intervencións.

NOITE DOS MUSEOS: Sábado, 16 de maio

Visita e concerto no Museo Provincial de Lugo

19:00 h. Visita guiada ao Museo Provincial de Lugo.

21:00 h. Concerto de Iona Pérez. Violín & loops. (bso, música clásica, músicas cubana ...)

Visita e concerto no Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol.

18:00 h. Saída en autobús* desde Lugo para o Museo Fortaleza San Paio de Narla.

18:30 h.- *Noite dos Museos no Museo*. Os membros do Club Pequeamig@s de San Paio de Narla que o desexen reúnen-se a esta hora para participar nos obradoiros, concerto, contos e ... a durmir, que son horas.

18:45 h. Visita guiada ao Museo Fortaleza San Paio de Narla.

19:45.- Inauguración da exposición “*Sas Diosas. Miradas, sa erèntzia mea*”, de Monica Mura. Forma parte da itinerancia da mostra *Olladas ‘A miña familia’*.

20:00.- *Contámo-nos-contos*.



21:00 h. Concerto de José María de Cora (guitarra clásica)

22:00 h. Regreso a Lugo para os usuarios do autobús, a onde se chegará sobre as 11:00 h.

Visita e concerto no Museo Provincial do Mar, San Cibrao-Cervo.

16:00 h. Saída en autobús* desde Lugo para o Museo Provincial do Mar

18:00 h. Visita ao Museo Provincial do Mar

19:00 h. Concerto-Obradoiro tradicional de música galega

20:30 h. Regreso a Lugo a onde se chegará sobre as 22:30 h.

Visita e concerto no Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos

18:00 h. Saída en autobús* desde Lugo para o Museo Pazo de Tor

19:15 h. Visita ao Museo Pazo de Tor

20:30 h. Tempo libre

21:00 h. Concerto de Oleg Dzhevelo (clarinete)

22:15 h. Regreso a Lugo a onde se chegará sobre as 23:30 h.

*Para usar o servizo de autobús é preciso apuntarse previamente no departamento de Didáctica do MPLugo (tfno.: 982 24 23 00 / 982 24 21 12). Este servizo será anulado en caso de non reunirse un mínimo de 30 usuarios.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS: domingo, 17 de maio

12:00 h.-Visita guiada ao Museo Fortaleza de San Paio de Narla.

12:00 h.-Visita guiada ao Museo Provincial de Lugo.

12:00 h.-Visita guiada ao Museo Provincial do Mar.

12:00 h.-Visita guiada ao Museo Pazo de Tor

Actividades a desenvolver nesta xornada: Ademais das visitas guiadas continúan “Un día /Unha palabra”, “Haikus pola lingua” e “Culturban, cultura urbana sostible”.

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS: luns, 18 de maio

Os catros museos estarán abertos ao público nesta xornada.

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

De 10:50 a 11:45.- **Reclamos publicitarios para o MPLugo**

O alumnado de 3º curso de E. Primario do colexio PP. Franciscanos, coordinados polos profesores Germán Cordo Isorna e Luís Abel Taboada, propoñen textos de reclamo ou frases publicitarias creadas por eles e elas para o MPLugo. Entregaránselle agasallos e visitarán a exposición “*Un museo agradecido*”

12:00 h.- Entrega dos premios do **I Concurso Olladas 2015 para escolares: A miña familia, antes e agora.**

Os traballos presentados serán exposto durante esta xornada no corredor da Sala de Exposicións do MPLugo.

MÁIS INFORMACIÓN:

»**Museo Provincial de Lugo.** Tfno.: 982 24 23 00 / 982 24 21 12

didactica@museolugo.org

»**Museo Fortaleza de San Paio de Narla, Friol .** Tfno.: 982 37 51 56

sanpaiodenarla@museolugo.org

»**Museo Provincial do Mar San Cibrao, Cervo.** Tfno.: 982 59 45 72

museodomar@museolugo.org

»**Museo Pazo de Tor,** Monforte de Lemos. Tfno.: 982 165 534

pazodetor@museolugo.org

»**Xerencia da Rede Museística:** Tfno.: 699 836 883

xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO